

Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández e **Antón Sánchez García** deputada e deputado pertencentes ao GP da **Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA)**, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta** para resposta **escrita**, ao respecto dunha mellor xestión do canil municipal de A Coruña:

Diferentes colectivos e centos de cidadáns teñen apoiado unha iniciativa, con milleiros de sinaturas, onde se solicita unha revisión conceptual da xestión do canil municipal da Coruña, actualmente baixo unha concesión que supón aos veciños e veciñas da cidade un dispendio económico importante nunhas instalacións que, segundo as propias memorias de xestión do Concello, xera porcentaxes de adopción de animais abandonados inferiores ao 30%.

A empresa concesionaria administra o espazo municipal sen ter en conta as importantes mudanzas éticas e morais que se teñen dado na Sociedade galega nos últimos tempos, sen esquecer a numerosa mobilización que tivo lugar con motivo da recente reforma da Lei 1/93 de Protección Animal, e que xerou máis de 167.000 sinaturas en apoio a esta iniciativa parlamentar.

Unha grande parte dos animais que entran no canil municipal son sacrificados sen que, a xuízo deste grupo parlamentar, se tentara darlle un destino mellor, por exemplo a través do sistema de adopción á luz da información exposta, onde o recinto obtén porcentaxes paupérrimas nesta modalidade, precisamente grazas á carencia absoluta de campañas de sensibilización por parte do Concello da Coruña.

Comunidades como Catalunya teñen establecido unha moratoria legal ao sacrificio de animais sans, e tan só posibilitan un sacrificio eutanásico por motivos éticos, cando a vida do animal é incompatible con doenzas ou graves enfermidades. Sen embargo no territorio galego se posibilita unha auténtica matanza de animais abandonados a partires dos 20 días de estancia nunha canceira. Neste senso tan só hai que botar un ollo aos refuxios que administran entidades sen ánimo de lucro para comprobar cómo o sacrificio masivo non é unha política nen unha opción realista para combatir os abandonos.

Así mesmo resulta inconcebible a ameaza xeneralizada, e o potencial enxuízamento do activismo en defensa dos animais. Unha mordaza alega que trata de impedir que a cidadanía coñeza as propostas alternativas ao que sucede actualmente no recinto de custodia de animais abandonados.

Tendo en conta isto, **Alternativa Galega de Esquerda** pregunta:

- 1.- Cantas inspeccións fixo a Xunta de Galicia ao canil municipal da Coruña no periodo 2006-2014? Pensa incrementar estas visitas por mor das queixas cidadás?
- 2.- Que opinión lle merece ao goberno que un recinto de acollida de animais abandonados sacrifique máis animais dos que se adoptan cada ano? Pensa que se trata dunha medida sostible?
- 3.- Ten previsto a Xunta avaliar a pervivencia da normativa que permite o sacrificio de animais sans en instalacións públicas e privadas?
- 4.- Ten constancia a Xunta das demandas cidadás dun cambio de modelo de xestión do canil municipal da Coruña?

Compostela, 9 de xaneiro de 2015

Asdo. Eva Solla Fernández

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/01/2015 11:16:22

Anton Sánchez García na data 09/01/2015 11:16:31